



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN SOBRE OS CONTRATOS MENORES NA DEPUTACIÓN DE OURENSE**.

Unha vez máis, o noso Grupo Provincial Socialista trae a este pleno unha grave problemática que afecta a esta Deputación Provincial, que segundo titula un artigo da prensa nacional “*La Diputación de Ourense, en cabeza*”. Un ranking de moi dudoso prestixio xa que esta entidade é a líder a nivel nacional de tódalas administracións en cantidade adxudicada a través de contratos menores cun importe que supera os 2 millóns de euros en 57 contratos.

Estes datos son máis sangrantes si tomamos como referencia os dous últimos anos, onde o “reparto a dedo” desta casa foi de sete millóns de euros, “fragmentados de forma presuntamente irregular en 160 contratos menores de obra” entre catro empresas, executado por Manuel Baltar.

Trala entrada en vigor da Lei 9/2017, sobre a nova regulación sobre contratos públicos, a Deputación de Ourense repetiu estas adxudicacións menores, en moitos casos con importes exactamente iguais, no borde do límite máximo permitido, independentemente do obxecto e sempre entre as mesmas empresas.

Sirvan como exemplo, que nos expedientes formalizados desde o 1 de xaneiro de 2018, ‘Manuel Viso e Hijos’ foi a principal empresa beneficiaria deste procedemento que non require concurso público, tras recibir 1,9 millóns en 58 contratos menores. A continuación sitúanse ‘Camiños de Ourense’ con 1,5 millóns en 40 contratos; ‘Coviastec’ con 1,4 millóns e 38 contratos; e Explotacións Medioambientais con 0,8 millóns en 24 contratos. A todos os importes de adxudicación destas obras en decenas de concellos da provincia hai que engadir o IVE. Si ampliamos os datos aos últimos 5 anos as cifras son realmente desorbitadas.

Estamos ante un “sistema de adxudicacións a dedo que viola sistematicamente o espírito da lei de contratos en vigor” polo que isto é “claramente” un “sistema sospeitoso de irregularidades”. Chama a atención que os importes das obras son iguais con obxectos ben distintos e moitos deles adxudicados o mesmo día.

A medida que a lexislación estatal foi reducindo o importe máximo destes contratos menores, o número de contratos a estas empresas por parte desta Deputación aumentaban. Cabe sinalar que algunhas adxudicacións “son claramente un fraude de lei porque foron outorgadas por importe de 40.000 euros exacto cando a lei di claramente que deben ser inferiores a esa cantidade.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

A obra pública que contratan as distintas administracións públicas debe ser xestionada con criterios moi estritos por afectar os servizos e infraestruturas de todos e financiarse co diñeiro dos cidadáns. Estas actuacións públicas na nosa provincia tamén son o soporte de moitas empresas que compiten por saír adiante e manteñen emprego e actividade nas comarcas de Ourense.

Urxe, polo tanto, mellorar os procedementos de contratación para ter unha competencia real e tamén mellorar a calidade das infraestruturas públicas, así como a optimización da xestión económica. As administracións públicas teñen que actuar cos principios de equidade e igual trato para que tódalas empresas partan en igualdade de oportunidades.

Tendo en conta, que o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense recolle no seu artigo 6, punto 2 a constitución de “comisión informativas especiais para o estudo de asuntos de carácter determinado”, achegamos esta moción.

Por todo o exposto o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Creación dunha Comisión Informativa Especial de Investigación sobre o procedemento de adjudicación dos contratos menores desta Deputación Provincial.

En Ourense, 14 de febreiro de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE